

ENTRADAS E SAÍDAS

ENTRADA DE INFANTIL

MADRUGADORES: Poden entrar desde as 07:30. A entrada realizarase polo portal do patio (Entrada 1, E01) acompañado dunha persoa da familia polo corredor de cemento pegado ao patio cuberto ata o comedor. A persoa acompañante sairá polo portal da rampla (Saída 2, S02).

ALUMNADO TRANSPORTADO NOS AUTOBUSES: Entrará entre as 08:30 ata as 08:55. Os autobuses, de 1 en 1, irán deixando o alumnado no portal do patio (Entrada 1, E01) onde será atendido polo profesorado de garda de transporte e accederá á Sala de Usos Múltiples.

ALUMNADO ACOMPAÑADO DE FAMILIAS: Entrará polo portal do patio (Entrada 1, E01) acompañado dunha persoa da familia polo corredor de cemento ata a entrada do edificio. A persoa acompañante sairá polo portal da rampla (Saída 2, S02).

O plano que corresponde é o de “Recinto Infantil. Entradas”(páx. 2)

SAÍDA DE INFANTIL

ALUMNADO TRANSPORTADO NOS AUTOBUSES: Sairá ás 13:40 polo portal do patio (Saída 1, S01) acompañado do persoal coidador de transporte.

ALUMNADO ACOMPAÑADO DE FAMILIAS: Unha persoa acompañante entrará polo portal da rampla (Entrada 2 , E02) e, pasando polo corredor de cemento pegado ao patio, recollerá o/a alumno/a e sairá polo portal do patio (Saída 1, S01).

O plano que corresponde é o de “Recinto Infantil. Saída”(Páx. 3)

ENTRADA DE PRIMARIA

MADRUGADORES: Poden entrar desde as 07:30. A entrada realizarase pola Entrada 1, E01. Se a hai, a persoa acompañante sairá pola Saída 1, S01.

ALUMNADO TRANSPORTADO NOS AUTOBUSES: Entrará entre as 08:30 ata as 08:55. Os autobuses, de 1 en 1, irán deixando o alumnado na Entrada 1, E01 onde será atendido polo profesorado de garda de transporte e accederá directamente ás aulas.

ALUMNADO ACOMPAÑADO DE FAMILIAS: Entrará a partir das 08:55 pola Entrada 1, E01 e accederá directamente ás aulas.

O plano que corresponde é o de “Recinto Primaria. Entradas e Saídas” (Páx. 4)


SAÍDA DE PRIMARIA


ALUMNADO TRANSPORTADO NOS AUTOBUSES: O alumnado de 1º sairá ás 13:45 pola Saída 2, S02. O alumnado de 2º a 6º sairá, a continuación, pola Saída 1, S01.

ALUMNADO ACOMPAÑADO DE FAMILIAS: Comezarán a saír despois de que saian os autobuses. O alumnado de 1º será recollido por unha persoa da súa familia na Saída 2, S02. O alumnado de 6º ata 2º sairá pola Saída 1, S01 de maior a menor idade e irá pola beirarrúa próxima á ZONA DE ESPERA DE FAMILIAS.

O plano que corresponde é o de “Recinto Primaria. Entradas e Saídas” (Páx. 4)

Tamén pode ver o plano para saber onde é a zona de espera de familias de alumnado de 2º a 6º. (Páx. 5)







LEENDA INFORMATIVA	
	PERCORRIDO DE ENTRADA
	PERCORRIDO DE SAIDA
	ROTONDA CAMBIO SENTIDO
S00	SALIDAS PRINCIPAIS CENTRO
E00	ENTRADA PRINCIPAL CENTRO
	TRANSITO EXTERIOR EDIFICIO

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARIN
PLAN DE INICIO DE CURSO 2020-2021
 RECINTO PRIMARIA
 ENTRADAS E SAIDAS
 TRANSITO EXTERIOR

**COLEXIO
VALES VILLAMARÍN**

AVDA. CARREGAL

**ZONA DE ESPERA
NAIS E PAIS**

AVDA. FRAGA IRIBARNE